



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroen

REUNIÓN

Dirección / Rep. Sindical 22/10/09

"Ante el gran clamor de los trabajadores/as... y no comprender que se pueda trabajar un sábado extra y tomar de la bolsa un lunes, la Dirección reconsidera su postura y declara no laborable el sábado 31".

En consecuencia:

.-O **sistema I** traballará na quenda de noite cun horario a determinar pero que será de aproximadamente 7 h. de presenza. Para as quendas de día BOLSA DE HORAS

A produción do **sistema II** aínda non se sabe que quenda fara produción e cal se utilizara para formación SPP.

VALORACION

Para a C.I.G. a principal contradición reside na planificación da produción, non era so o absurdo de traballar un sábado con unha parte de recuperación para BOLSA e o seguinte día laborable como é un luns, que se destinase a consumo de BOLSA. Agora suprímese o sábado extra pero seguimos cargando o luns no saco da débeda dos traballadores.

A nosa reflexión non ía só sobre este día 31, para nós, ese non era máis que unha árbore que pretendía ocultar o bosque.

Cando a C.I.G. ven pedindo racionalidade na produción, estamos a falar de que nun mes non se poden contemplar sábados extras... alongamentos de xornada diaria... modificar o horario de entrada para a quenda de noite...etc, e agora, en plena faena se nos di que temos que consumir días da BOLSA DE HORAS. E dicir, estas alongando a xornada durante toda a semana para amortizar a débeda de horas... e chega o día 2 e volta e empezar coa hipoteca.

Por elo a C.I.G., segue insistindo de que é posible xestionar un maior equilibrio a hora de planificar os períodos produtivos, cando menos a curto prazo.

Confederación Intersindical Galega